

## Andrés Ruiz Hiebra

---

### Bio

Son Licenciado en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e Diploma de Estudos Avanzados en Xornalismo e Comunicación (DEA) pola mesma universidade. No ano 2007 rematei os meus estudos de Cine en París na [Université Paris8 - Vincennes Saint Denis](#), e dende entón traballei en distintos eidos do sector da Comunicación, tanto en proxectos relacionados coa industria audiovisual (Cine, TV, Radio, Publicidade) coma co mundo da información e o xornalismo.

En novembro de 2012 incorporeime ó CiTIUS para poñer en marcha a oficina de prensa do centro, encargándome dende entón da difusión dos resultados científicos a través de distintas canles de comunicación (notas de prensa, xestión web, redes sociais, etc) así como do desenvolvemento de contidos gráficos (vídeos, fotografías...) e doutros aspectos, entre outros a comunicación interna ou a relación cos medios.

Entre 2014 e 2020, as miñas funcións como Responsable de Comunicación estendéronse ó conxunto da Rede de Centros Singulares de Investigación de *Campus Vida*, converténdome así no encargado de artellar e executar o labor de divulgación desenvolvido previamente pola oficina nos outros dous centros da rede: o [CIQUS](#) e o [CIMUS](#).

En marzo de 2020 regresei ó centro para facerme cargo a tempo completo da Unidade de Comunicación e Prensa dun renovado CiTIUS, convertido xa no *Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes* da USC.

## CONTACTO

**E-mail:**

[andres.ruiz@usc.es](mailto:andres.ruiz@usc.es)

**Espazo:**

Unidades de Apoio

**Teléfono:**

+34 8818 16411

**Redes sociais:**

-  Twitter
-  Facebook
-  LinkedIn
-  Skype
-  Telegram